

Dirixido as seguintes direccións de correo electrónico
(gabinete.educacion@edu.xunta.es, dxefpie@edu.xunta.es)

O Departamento de Filosofía do IES _____, en reunión de Departamento
acorda reclamar da Consellería información sobre a situación da Historia da
Filosofía para o vindeiro curso 2018-19.

O 18 de outubro de 2017 o Pleno do Parlamento de Galiza aprobou
por unanimidade unha Proposición non de lei de iniciativa popular para
recuperar o estudo da Filosofía no Bacharelato como materia troncal.

A día de hoxe aínda non se ten noticia nos centros educativos de que se se
deran os pasos necesarios por parte da Consellería de Educación da Xunta
de Galicia para permitir aos centros educativos implementar esta nova
situación da materia.

Co ano 2018 comezado parece urxente que os centros teñan información
efectiva acerca desta nova situación antes de propoñer os itinerarios do
vindeiro curso académico.

Por este motivo solicitamos información acerca da data prevista para a
publicación da norma e cando se prevee informar ás dirección dos centros
que xa están comezando a preparar a oferta educativa do próximo curso sobre
esta situación.

Agradeceremos unha pronta resposta a esta solicitude de información